

Persoal delegado da CIG-Ensino dos sectores da discapacidade, menores e infantil 0-3 farán fronte común por un convenio galego e melloras reais

Nunha asemblea conxunta decidiron concentrarse o 17 de setembro diante de Política Social para esixir unha xuntanza coa conselleira e trasladarlle as súas reivindicacións e as acordadas coas patronais dos tres sectores, que suman 5.000 traballadores/as.



Na mañá de onte tivo lugar unha asemblea de delegados/as da CIG-Ensino dos sectores de “atención e formación ás persoas”: discapacidade, menores e infantil 0-3. Valorouse moi positivamente o traballo feito até agora e acordouse dar continuidade de forma conxunta ás campañas que cada un dos sectores comezou baixo o lema “Polas melloras laborais, sociais e salariais: convenio galego xa!”, en reposta a cada un dos precarios convenios estatais (asinados por CCOO e UGT en Madrid) que non atenden as reivindicacións do persoal traballador galego.

Os tres sectores, nos que a CIG é maioritaria cun total de 130 delegados/as (90 en discapacidade de 210 electos/as, 20 de 48 en menores e 24 de 60 en infantil 0-3) teñen coincidencias na situación laboral

e salarial na que se atopan, nas súas problemáticas e nas súas reivindicacións:

- Convenios estatais precarios, carentes de negociación e que van até 2028 ou 2029.
- Xornadas abusivas e desreguladas, falta de dereitos laborais e salarios por debaixo do SMI.
- Servizos sociais “esenciais” precarizados e feminizados, sen recoñecer e valorar traballo.
- Responsabilidade da administración, que se pon de perfil e só busca facer máis con menos.
- Patronais máis alineadas coa administración que co seu propio persoal traballador.
- Necesidade de máis concienciación e organización sindical que os represente sempre.
- Emprenderon a campaña “Melloras laborais, sociais e salariais: Convenio galego xa!”.

Ante esta situación, decidíronse realizar neste mes de setembro as seguintes accións:

• **Levar a cabo por sectores as xuntanzas coas patronais pendentes e comprometidas.**
En discapacidade con AEDIGAL e INRED, tal e como se quedou e asinou no “manifesto” en xullo no CGRLs (Consello Galego de Relacións Laborais). En menores con AGACEME e GAFIX, tal e como se acordou na última xuntanza. Pola súa banda, en infantil 0-3 con AGADEI e a CEG, pendentes, e que se reivindicarán na rúa se seguen ignorando a demanda e non acceden.

• **Concentración conxunta dos tres sectores diante da Consellaría de Política Social**
o mércores, 17 de setembro ás 11:30 para exixir, unha vez máis, manter unha xuntanza con Fabiola García, que se nos vén negando, nalgún caso durante máis de 18 meses, para trasladarlle e acordar as lexítimas reivindicacións do persoal traballador e as acordadas coas patronais nas distintas xuntanzas mantidas. Estas resúmense en:

1. Sector discapacidade

- *Aplicar os incrementos salariais recollidos no XVI Convenio Estatal xa por parte da administración.*
- *Constituír unha mesa tripartita (Consellaría, patronais e sindicatos maioritarios do sector) coa finalidade de dignificar salarios coa creación dun Complemento Salarial Autónomo, así como a negociación colectiva no ámbito autonómico doutras melloras laborais, no camiño de acadar no CGRLs o “I Convenio Galego de Discapacidade”.*

2. Sector menores

- *A aplicación de forma inmediata, a todo o persoal traballador e desde xaneiro de 2026, das táboas salariais aprobadas no V Convenio Estatal, sen agardar a que se adxudiquen novos concursos, contratos ou concertos.*
- *O recoñecemento dun complemento autonómico.*
- *A homologación salarial nas mesmas categorías entre o persoal que está nos distintos tipos de centros.*
- *Abrir a negociación colectiva no CGRLs e acadar o “I Convenio Galego de Menores”.*

3. Sector de infantil 0 a 3

- *Unificación das táboas salariais, en base á gratuidade da Xunta para todo o sector, confluindo todas as táboas A) da Xestión Indirecta para xaneiro de 2026.*
- *Creación da patronal ou patronais do sector.*
- *Abrir a negociación colectiva no CGRLs e acadar o “I Convenio Galego de Infantil etapa 0-3”.*

Se non nos recibe a Conselleira de Política Social e non se acadan avances reais, tanto coa administración como coas patronais, anunciaranse mobilizacións máis contundentes no mes de outubro, no que se van dar a coñecer os orzamentos da Xunta para 2026, non descartando a convocatoria

dunha folga nos tres sectores, que suman 5000 traballadores/as (máis de 2000 en discapacidade, sobre 1000 en menores e máis de 2000 en infantil 0-3). Por suposto, esas posibles convocatorias de mobilización serán abertas a todas as organizacións que compartan estas reivindicacións xustas e lexítimas.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal